

Contabilidade trimestral. Primeiro trimestre de 2005

COMUNICADO

O PIB de Galicia creceu un 2,8% no primeiro trimestre de 2005

O PIB galego medrou a un ritmo do 2,8% a prezos constantes no primeiro trimestre de 2005 en comparación co primeiro trimestre de 2004.

En termos de datos corrixidos de estacionalidade e efectos calendario, o PIB de Galicia medido a prezos de 2000 rexistrou un crecemento do 2,8% no primeiro trimestre de 2005 sobre igual período do ano anterior. Este crecemento é o mesmo que se rexistrou no trimestre precedente e dende a perspectiva da oferta foi a resultante dun comportamento expansivo dos produtos industriais, da construción e dos servizos contrarrestado parcialmente polo adverso comportamento do sector enerxético e do primario. Na seguinte táboa reproducécese este comportamento.

Contabilidade trimestral de Galicia. Base 2000 primeiro trimestre de 2005

2.1. Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos constantes de 2000

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual

Operacións	2003	2004	2004				2005
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	3,2%	3,1%	3,3%	3,2%	3,2%	2,7%	2,9%
-Gasto en consumo final dos fogares	3,1%	3,0%	3,1%	3,2%	3,0%	2,6%	3,0%
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,5%	3,5%	4,2%	3,0%	4,0%	2,8%	2,5%
Formación bruta de capital	3,9%	4,2%	1,7%	4,5%	6,8%	3,9%	4,0%
Demanda interna ⁽¹⁾	3,8%	3,9%	3,2%	4,0%	4,8%	3,4%	3,6%
Exportacións de bens e servizos	4,6%	6,7%	7,8%	6,5%	8,0%	4,6%	2,1%
Importacións de bens e servizos	5,7%	6,7%	6,6%	6,8%	8,8%	4,6%	2,9%
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,4%	3,0%	3,1%	2,9%	3,2%	2,8%	2,8%
Ramas agraria e pesqueira	-3,5%	2,3%	2,0%	-1,8%	0,7%	8,6%	-1,0%
Ramas enerxéticas	3,7%	0,7%	2,9%	0,9%	0,3%	-1,4%	-1,3%
Ramas industriais	2,4%	2,0%	2,1%	2,7%	3,2%	-0,1%	3,7%
Construción	3,1%	3,6%	2,3%	3,7%	4,5%	3,7%	4,1%
Ramas dos servizos	2,4%	3,3%	3,7%	3,0%	3,4%	3,2%	3,1%
- Servizos de mercado	2,1%	3,2%	3,4%	3,1%	3,2%	3,3%	3,3%
- Servizos non de mercado	3,5%	3,6%	4,8%	2,9%	3,9%	2,9%	2,7%
Impostos netos sobre os produtos	3,7%	3,6%	2,6%	5,3%	3,0%	3,7%	1,5%


Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ó crecemento do PIB pm.
2003, 2004, 2005 avance

Foi a demanda interna cunha achega do 3,6% a que contribuíu ó mantemento da taxa de crecemento do PIB.

Dende a perspectiva da demanda, o crecemento do PIB no primeiro trimestre de 2005 foi a consecuencia dunha achega da demanda interna por un valor de 3,6 puntos porcentuais e polo tanto por unha achega negativa da demanda externa do 0,8%. Con respecto ó trimestre precedente, o crecemento da demanda global mantívose estabilizado, xa que a lixeira aceleración da demanda interna compenseuse cunha maior achega negativa do sector exterior. Dentro da demanda interna o gasto en consumo final dos fogares foi o que elevou o seu ritmo de crecemento en maior medida, catro décimas, apoiado principalmente na mellora da renda dispoñible das familias, o aumento da riqueza inmobiliaria e os baixos tipos de xuro.

Prezos constantes de 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Redución das tensións inflacionistas.

No que respecta á inflación o primeiro trimestre caracterizouse pola relativa contención que experimentaron as tensións inflacionistas, despois de que no cuarto trimestre do ano pasado ditas tensións alcanzaran o seu máximo. A melloría permitiu que a inflación xeral volviera a situarse ó mesmo nivel que en España, aínda que a inflación subxacente se mantén lixeiramente por enriba.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es